

# UNHA MIRADA DE ANTANO

Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia



Ruth Matilda Anderson: Mercado de madeira e de palla. Estas mulleres camiñan tres ou catro légoas para vender dúas pesetas de palla. Pontevedra, 16-26 de setembro de 1924 © The Hispanic Society of America

**2 de febreiro a 21 de abril 2018**

O 7 de agosto de 1924, RMA chegaba ao porto de Vigo para estudar a vida e os costumes de Galicia. Equipada coa súa cámara e unha intuición pouco común, viaxou por toda a nosa comunidade buscando e fotografando o que hoxe é un dos arquivos máis importantes do mundo sobre Galicia. Localizado en Nova York, este legado trasládase para a ocasión a Pontevedra, e bríndanos a posibilidade de poder amosar a@s escolares o noso pasado e a nosa cultura.

### ***Viaxando da man de Antón, o fillo do afiador***

Infantil a 3º de primaria

Antón, 1924, o fillo do afiador de Amoedo, viaxou no tempo para contar ás nenas e nenos do século XXI como era Galicia en 1920. Costumes, xogos e obxectos do pasado para coñecer un cacho fundamental da nosa historia.

### ***Pontevedra 1924. Regreso ao pasado***

4º de primaria a 2º de ESO

Descubre, indaga, pensa, coñece... e sobre todo, viaxa con Ruth Matilda Anderson. A través das instantáneas, @s escolares poderán recoñecer e achegarse á Galicia de antano.

### ***Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia***

3º e 4º de ESO, bacharelato e CF

Prezo 1 € por escolar

**Café Moderno Afundación Pontevedra**

Praza de San Xosé, 3 | [areaeducativapontevedra@afundacion.org](mailto:areaeducativapontevedra@afundacion.org) | 986 333 210